



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:08 horas do día 23 de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María José Caride Estévez

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a e 5a)
D. Guillermo Domínguez López (asiste aos puntos 3a e 4a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 17 de novembro de 2016

Non se aproba a acta da sesión do 17 de novembro de 2016 por falta de quórum.

2.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 21 de novembro de 2016 sobre as ofertas que conteñen baixas anormais ou desproporcionadas. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:48	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB48-EBEF5F-89E731-7MDFHZ-PVNYPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA
3. O.T.C. FONTEFRIA, SLU
4. ELSAMEX, SA
5. CONSTRUCCIONES VALE, SL
6. NAROM, SL

3.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

Retírase o informe de valoración do sobre C e proposta de clasificación polo subxefe do Servizo de Extinción de Incendios.

4.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

Non se trata este asunto porque se retirou o informe de valoración do sobre C e proposta de clasificación incluído no punto 3a.

5.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:48	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB48-EBEF5F-89E731-7MDFHZ-PVNYPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 7 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por non ter presentado correctamente a documentación persoal:

1. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL
2. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL

Segundo.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo os informes do xefe da Unidade da OSPIO do 20 de outubro de 2016:

1. CONSTRUCCIONES FECHI SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L
3. HORDESCON, SL
4. ORESA, SL
5. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
6. COPCISA, S A
7. CONSTRUCCIONES OREGA, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	86,18
2	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	86,03
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	86,00
4	CIVIS GLOBAL, SLU	85,82
5	OGMIOS PROYECTO, SL	85,73
6	MONTAJES J M IGLESIAS, SL	85,07
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	84,32
8	CONSTRUCTORA SAN JOSE, SA	83,85
9	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	83,62
10	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	83,43
11	NAROM, SL	83,14
12	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	82,21
13	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU - CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU	81,87
14	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	76,66
15	ELSAMEX, SA	76,14
16	GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	19,18



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:48	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB48-EBEF5F-89E731-7MDFHZ-PVNYPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 640,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL, o día 4 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 15 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 17 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, requirir a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL que emendase a documentación no senso de achegar a acreditación do seguro de responsabilidade civil esixido no apartado da 13.A da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

Durante o prazo concedido, o 21 de novembro de 2016, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL presenta a documentación requirida.

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:48	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB48-EBEF5F-89E731-7MDFHZ-PVNYPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor, asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal o 3 de outubro, e co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 21 de outubro de 2016.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL, o procedemento aberto para a contratación para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 366.418,87 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 63.593,36 euros.*
- b) O prazo de garantía increméntase en 120 meses, polo que o prazo total é de 132 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL
Vigo, 23 de novembro de 2016
A presidenta da Mesa de Contratación
María José Caride Estévez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:48	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB48-EBEF5F-89E731-7MDFHZ-PVNYPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		